



PLAN DIGITAL

EOI de VIVEIRO LUZ
POZO GARZA

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Tipo de centro: Público

Denominación oficial: EOI de Viveiro Luz Pozo Garza

Código do centro: 27020628

Provincia: Lugo

Enderezo: Rúa Lavandeiras s/n

Código Postal: 27863

Teléfono: 982 55 17 45

Dirección de correo electrónico: eoi.viveiro@edu.xunta.gal

Páxina Web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/eoideviveiro/>

A plantilla da EOI está formada por 14 profesores con destino provisional, adscritos como segue:

- 2 profesores de Alemán.
- 2 profesores de Francés.
- 8 profesores de Inglés.
- 2 profesores de Italiano.

Actualmente o centro conta con 237 alumn@s.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O centro está situado en Celeiro, na contorna da Mariña. A súa poboación traballa principalmente no sector terciario, sendo o turismo unha das principais fontes de ingresos de moitas familias. Sendo destacable tamén o sector industrial (Alcoa e empresas auxiliares) e o sector de servizos. Conta cunha poboación inmigrante en crecemento de orixe dominicano e peruano maiormente.

A Escola Oficial de Idiomas é un centro destinado ó ensino das linguas modernas sen ningunha selección previa do alumnado, procedente de campos sociais, académicos e profesionais sumamente heteroxéneos, sendo moi habitual atopar nun mesmo grupo de clase a alumnos de ensino secundario e superior, licenciados, técnicos, administrativos, persoas que exercen profesións liberais e outras nas que a única titulación é o graduado escolar ou equivalente. A isto engádesse unha importante diferenza de idade entre os alumnos, o que supón, como consecuencia directa, un público de intereses comunicativos diferentes que fai máis difícil a homoxeneización dos grupos por centros de interese esixindo do profesorado un esforzo extra.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre o utros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

Para a elaboración do Plan Dixital teranse en conta os principios:

- a) A resposta á realidade social resultante do uso xeneralizado das tecnoloxías de comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá.
- b) O enfoque cara unha comprensión integral do impacto persoal e social da tecnoloxía e unha reflexión ética acerca da relación entre tecnoloxías, persoas, economía e medio ambiente.
- c) A transformación dixital que inclúa unha visión da competencia dixital máis moderna e ampla, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

1.4. Proceso de elaboración

O Plan Dixital permitirá planificar a liña de formación a realizarase en base á información recollida do informe de análise da situación do centro.

Durante o mes de decembro do curso 2021/2022, o centro realizou a análise da situación mediante a ferramenta de autoavaliación SELFIE, para así iniciar a fase de diagnose e o deseño e elaboración do Plan Dixital.

Durante o mes de febreiro realizouse o test CDD continuando coa análise antes mencionada. Posteriormente, durante o mes de marzo elaborouse o DAFO do centro e o Plan de Acción comezouse a confeccionar a comezos do mes de maio, obtendo os obxectivos que marcarán o noso Plan Dixital. A finais de maio do curso 2021/2022, o Plan Dixital será aprobado polo consello escolar, unha vez oído o Claustro.

O centro poderá realizar, previa aprobación, unha segunda análise da situación da competencia dixital de centro para a elaboración do Plan Dixital.

Durante o curso 2022/2023, o centro procederá a implementación efectiva do Plan que estará sometido a un proceso de avaliación e mellora continua.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

A escola está dotada de aulas con conexión a Internet e pizarras dixitais conectadas a un ordenador para o uso do profesorado nas clases. Neste ordenador están instalados os libros dixitais correspondentes aos niveis que se imparten en cada aula, os cales dispoñen dos materiais audiovisuais necesarios para as clases co servizo técnico Lindin á disposición cando é necesario.

Por outro lado, na páxina web da escola hai acceso tanto á aula virtual, onde o alumnado pode consultar materiais e actividades extra como a Centrosnet, onde se poden consultar as notas dos exames e outros datos relativos ao alumndo. O centro conta cun ordenador dispoñible onde o alumnado pode facer as consultas necesarias e trámites administrativos. Na sala de profesorado hai ordenadores para a súa utilización, os cales están conectados a impresoras e con acceso a un servidor onde se comparten materiais para ser utilizados nas respectivas clases.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE (páxina 4 do Informe SELFIE)

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	3
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	2.5
	Alumnado	2.8
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.7
	Profesorado	3.5
	Alumnado	2.7
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.7
	Profesorado	3.4
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.4
	Profesorado	4.2
	Alumnado	4.7
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.6
	Profesorado	3.5
	Alumnado	3.2
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.1
	Profesorado	2.8
	Alumnado	3
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	3.2
	Alumnado	4.5

Autoavaliación do Test CDD (táboas)

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	2	2	100%
PROVISIONAL	3	3	100%
INTERINO	6	7	85.7%
SUBSTITUTO	0	0	0%
DESPRAZADO	0	0	0%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
95.9	Integrador/a (B1)	76.4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO				
BAC				
F.P				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	0%
A2	1	11.1%
B1	4	44.4%
B2	4	44.4%
C1	0	0%
C2	0	0%
TOTAL	9	99.9%

2.3. Análise DAFO

DAFO da EOI de Viveiro Luz Pozo Garza partindo da análise cuantitativa e cualitativa do Informe SELFIE.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS- EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> - O centro está dotado de dispositivos dixitais como os ordenadores e pizarras con acceso a Internet en todas as aulas, mercados polo propio centro, que contan con asistencia técnica cando xorden problemas. Tamén se dispón de proxectores e impresoras. - O equipo directivo coñece a normativa relativa á adquisición de equipamento informático para o centro educativo. 	<ul style="list-style-type: none"> - No noso centro non dispoñemos de dispositivos electrónicos a disposición dos alumnos (só hai 1 ordenador á súa disposición para trámites administrativos) - O alumnado non dispón de ordenadores ou tabletas que poida usar. - O centro dispón de programas de software libre, mais os ordenadores están configurados para que se poida empregar o software propietario, algo que fan a maioría dos docentes.
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - Hai unha reflexión sobre as necesidades de Desenvolvemento Profesional Continuo previa e posterior á formación. - A reflexión leva a un certo intercambio de experiencias e participación en proxectos conxuntos e transversais, (o centro vén de entrar no programa Sblendid +, de intercambio de experiencias sobre o ensino mixto), ultimamente máis limitados polas circunstancias. - O profesorado do centro emprega recursos en liña ademais de recursos compartidos por outros docentes como material complementario ás súas clases, tales como o Kahoot ou Cisco Webex para a docencia en liña. - O profesorado utiliza, por exemplo, a aula virtual para a avaliación de certas tarefas do alumnado. Asemade proporcióname retroalimentación a través da propia aula virtual ou do correo electrónico para que reflexionen sobre a súa propia aprendizaxe.- O persoal docente é quen de adaptar a pedagogía en función das necesidades do alumnado - O profesorado participa nas actividades formativas individuais organizadas pola administración educativa en materia de competencias dixitais. Os equipamentos e as redes están actualizados e a asistencia técnica é suficiente, así como a política de protección de datos. - O equipo directivo fomenta a participación do profesorado en cursos e actividades formativas organizados pola Administración educativa, a través por exemplo da plataforma Fprofe. - O profesorado utiliza plataformas en liña como a propia aula virtual onde o alumnado pode contribuir. 	<ul style="list-style-type: none"> - A escaseza de tempo material para realizar as tarefas de carácter didáctico imposibilita a elaboración dun sistema de avaliación individualizado e personalizado - A gran debilidade do profesorado é a dificultade de atopar formación e experiencias específicas para este tipo de ensino - Os proxectos interdisciplinares son de difícil aplicación en centros deste tipo - Non existe un plan específico para axudar ós profesores ante os retos que supón a aprendizaxe mixta. - Non se utilizan tecnoloxías para que o alumnado faga comentarios sobre os traballos dos demais nin para documentar a súa aprendizaxe. - A falta de tempo dificulta o intercambio organizado de experiencias e recursos educativos e a participación en proxectos con outras comunidades educativas. Non existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensino-aprendizaxe. Insuficiente reflexión sobre as necesidades de DPC. Entre o alumnado, non existe reflexión sobre TIC's.
	PERSOAL NON DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - O centro difunde a información de interese e o seguimento da actividade docente a través de diferentes sevizos dixitais. O liderazgo pedagóxico do centro canaliza o cambio tecnolóxico, e transmite ao profesorado a dedicación que se considera necesaria O centro experimenta un liderazgo distribuído. Se fomenta un clima de colaboración e as decisións son consideradas e compartidas por toda a comunidade educativa. 	

	ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> -A inexistencia dun sistema individualizado de seguimento e avaliación. - No centro existen sistemas de protección de datos de software libre como Androsa e protección dos notas na publicación das notas en CentrosNet. -O persoal docente tenta fomentar a creatividade dos alumnos a través de diferentes actividades e tarefas - No centro indícaselle ó alumnado cómo facer uso das ferramentas en liña de forma segura de forma individualizada. - O alumnado é guiado na comprobación da fiabilidade e precisión da información que se encontra en internet - O alumnado pode traer e usar o seu propio dispositivo portátil durante as clases - Existen repositorios en liña con material pedagóxico a disposición do alumnado. - O alumnado aprende a comunicarse empregando medios tecnolóxicos diversos (whatsapp de grupo, redes sociais, correo, mensaxes na AV, etc.) 	<ul style="list-style-type: none"> -A inexistencia dun sistema individualizado de seguimento e avaliación dificulta a análise da aprendizaxe e o emprego de metodoloxías diferenciadas para potenciar as habilidades dos alumnos. A falta de formación e experiencias enriquecedoras repercute da variación da didáctica- O alumnado non é moi participativo na meirande parte das actividades propostas- Non se realiza seguimento para identificar as dificultades do noso alumnado con respecto á aprendizaxe mixta e no aspecto socioeconómico. - A colaboración do alumnado a través das tecnoloxías dixitais é escasa, debido sobre todo á falta de orientación/formación. - Non existe un plan de formación para a utilización de ferramentas dixitais, específico para o alumnado. - O alumnado ten dificultades para aproveitar os recursos xa feitos e presentes nas AV, Internet, etc. - Os alumnos poden traer os seus dispositivos e usalos no espazos físicos adaptados para a ensinanza e aprendizaxe dixital. - O alumnado non aprende a crear contidos dixitais na aula nin a codificar ou programar - O alumnado carece de asistencia técnica cando xorde un problema coa tecnoloxía
	FAMILIAS		
	OFERTA	<ul style="list-style-type: none"> - O profesorado xa aplica as tecnoloxías dixitais tanto dentro coma fora da aula, cando adapta o proceso de ensinanza ao alumnado e cando o implica no desenvolvemento da clase. O uso máis elevado en tódolos niveis, dase na búsqueda de recursos educativos en liña e na comunicación coa comunidade educativa. 	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> - No centro existen sistemas de protección de datos de software libre, promovidos polo equipo directivo, como Androsa, Moodle e protección das notas na publicación das notas en CentrosNet. - O centro adquire as licenzas necesarias de diferentes ferramentas dixitais como poden ser o paquete Office 365 ou diversos libros dixitais. - O centro emprega recursos dixitais coma a páxina web ou CentrosNet a través dos cales mantén informado ao alumnado e comparte os resultados das probas, sempre garantindo a privacidade dos datos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Na actualidade o centro carece dunha estratexia dixital claramente definida e estruturada -En termos xerais, no noso centro non avaliamos con ferramentas dixitais os progresos en materia de ensinanza.

EXTERNOS	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
----------	---------------	---------

CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> - O profesorado dispón dunha ampla oferta de oportunidades para a formación en tecnoloxías dixitais específicas e non específicas para o seu desempeño profesional. - As tecnoloxías dixitais brindan a oportunidade dunha aprendizaxe máis interactiva e dinámica. 	<ul style="list-style-type: none"> - O centro non dispón dun plan específico para a aprendizaxe mixta polo que no caso de que fose necesaria, a súa preparación sería incompleta. - Os profesores non teñen a preparación adecuada para ensinar ós alumnos a codificar ou programar polo que non se lles pode axudar a familiarizarse coas tecnoloxías.
	LEXISLACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> - A protección de datos permite respectar tanto a privacidade do alumnado como a privacidade das probas realizadas no centro. 	<ul style="list-style-type: none"> - O emprego de ferramentas institucionais exclusivamente limita en ocasións o abano de recursos a disposición de profesorado e alumnado. - Na formación de alumnado de EOIs non está contemplada na lei a necesidade de formar ao alumnado en tecnoloxías dixitais.
	CONTORNA		<ul style="list-style-type: none"> - Hai estudantes que non dispoñen de medios tecnolóxicos nas súas casas e no centro non teñen dispositivos propios para a súa utilización polo que non poden acceder aos mesmos contidos a tarefas que o resto que sí dispoñen deles. - As empresas coas que colabora o centro non participan co denselvovemento da estratexia dixital de centro.
	AMPA		
	OUTRAS ENTIDADES	<ul style="list-style-type: none"> - A aula virtual ofrece a posibilidade de avaliar ós alumnos/as non só por medio de exames escritos senón por medio de tarefas usando as tecnoloxías. 	<ul style="list-style-type: none"> - A escaseza de información sobre o alumnado provoca o descoñecemento de se dispoñen de medios tecnolóxicos para a implantación dunha aprendizaxe mixta. - O centro non colabora con outras organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais.

3. Plan de Acción

O Plan de Acción terá en conta os recursos materiais e humanos dispoñibles no momento de elaboración do mesmo, xa que estes están en constante evolución. Ó longo de cada curso escolar plantexaranse novos obxetivos considerando sempre a premisa de que estes supoñan unha mellora da utilización dos recursos xa dispoñibles.

Para a elaboración do Plan de Acción leváronse a cabo dúas reunións nas que se fixo un estudo dos resultados da análise DAFO e chegouse a unha serie de acordos sobre os obxetivos e as áreas de mellora. Unha vez consensuados os distintos obxetivos, fixéronse tres equipos (un por cada obxetivo) que se encargaron de determinar cales son as accións, os reponsables, a temporalización e os recursos necesarios para acadar ditos obxetivos.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Táboas do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: Pedagogía: Apoios e recursos							
I. OBXECTIVO:	Incrementar a formación do alumnado nas tecnoloxías dixitais para aumentar a súa participación					Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo, claustro					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	<ul style="list-style-type: none"> - Horas adicadas á formación en tecnoloxías dixitais - Rúbricas do coñecemento e utilización das tecnoloxías dixitais por parte do alumnado 						
Valor de partida	Máis do 50% do alumnado manifestou as súas dificultades na utilización de tecnoloxías dixitais						
Valor previsto e data	Que polo menos un 80% do alumnado teña recibida a formación en tecnoloxías dixitais para aumentar a súa participación.				19 de decembro 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO1.1: Actualización da enquisa do alumnado sobre as súas competencias dixitais	Claustro	3 outubro 2022	Enquisa			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.2: Análise e valoración dos resultados da enquisa	Equipo directivo	17 de outubro de 2022	Equipamento informático			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.3: Deseño e implantación dun plan de formación axustado ás necesidades reais do alumnado	Equipo directivo, CAFI, coordinador do PFPP	31 de outubro de 2022	Equipamento informático e conexión á rede			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.4: Avaliación do proceso de implantación e do grao de consecución do obxectivo	Equipo directivo, claustro, CAFI, coordinador do PFPP	5 de decembro de 2022	Equipamento informático e rúbricas			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

“Área/s de mellora”: Colaboración e Redes							
2. OBXECTIVO:	Crear un repositorio ou biblioteca dixital de recursos didácticos clasificada por linguas e niveis.					Acadado	
RESPONSABLE:	Departamento do idioma correspondente.					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	A biblioteca de recursos dispón da clasificación por linguas, niveis e destrezas						
Valor de partida	Partimos dun 10% xa que contamos cun servidor interno donde podemos compatir certos materiais.						
Valor previsto e data	100% dos departamentos crearán cun espazo común virtual para a aportación e o intercambio de materiais didácticos.					31 de maio de 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO2.1: Reunión para seleccionar a persoa coordinadora de cada departamento.	Os docentes que comprende cada departamento.	14 de novembro 2022	Ordenador con acceso a internet e o servidor.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.2: Deseño e constitución do espazo virtual.	Os docentes de todos os departamentos.	23 de xaneiro 2023	Ordenadores, internet e servidor.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.3: Coordinación da formación específica por parte da consellería	Equipo directivo, CAFI, coordinador do PFPF	20 de febreiro 2023	Formación específica por parte da Consellería.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.4: Crear mapas conceptuais ou fichas sobre as características dos recursos (nivel, tema, destreza, ...)	Os docentes de todos os departamentos.	31 maio 2023	Ordenadores, internet e servidor.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.5: Compartir a avaliación e o inventario de tarefas no departamento para poder descartar as que non son de plena utilidade.	Os docentes de todos os departamentos.	31 maio 2023	Sala de reunións, ordenadores, internet, servidor.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

"Área/s de mellora": Infraestructura e equipos						
3. OBXECTIVO:	Unificar tipos de procesadores de textos (Word, Libre office...) para favorecer a elaboración das tarefas docentes.				Acadado	
RESPONSABLE:	Responsable TIC e claustro de profesores.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Elaboración de soletas para unificar o formato das probas.					
Valor de partida	Partimos dun 0% de ordenadores unificados xa que empregamos diferentes tipos de procesadores de textos (libre office, open office ...)					
Valor previsto e data	100% dos ordenadores utilizando o mesmo procesador de textos.			20 de xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Seleccionar e instalar o software axeitado ás necesidades do centro e estender o seu uso, favorecendo o uso de software libre.	Responsable TIC e máis claustro de profesores.	23 de xaneiro 2023	Actualización editores de textos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Solicitar soletas para a elaboración de tarefas de exames.	Asesoría EOI CAFI	6 de febreiro 2023	Repositorio de soletas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Facilitar o acceso a cursos para a actualización do profesorado no software elixido	CAFI	9 de marzo 2023	Ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O centro está dotado da infraestrutura necesaria en canto a conectividade interna e externa necesaria para o desenvolvemento do noso labor:

- Infraestrutura de datos: conectividade a internet.
- Infraestrutura de voz: telefonía.
- Conexións cableadas, sen fíos e electrónica de rede.

Con respecto ó equipamento o centro dispón de:

- Aulas dixitalizadas con conectividade e posibilidade de visualización.
- Postos de traballo de xestión e administración do centro.
- Uso na biblioteca: xestión de catálogo de libros ou consulta.
- Equipos para uso na sala de profesorado.
- Equipos ultraportátiles para aula móbil.

Neste apartado é necesario mencionar a necesidade dalgún equipo máis para o alumnado xa que só dispoñen dun ordenador para certas xestións académicas na entrada do centro, polo que consideramos necesaria a ampliación tendo en conta o número de alumnado do centro e tendo en conta que en caso de aprendizaxe a distancia ou mixta, non todo o alumnado dispón na súa casa dos medios necesarios polo que o centro podería ter máis dispositivos ó seu dispor.

Tendo en conta os servizos dixitais educativos corporativos, faise uso do correo electrónico e a páxina web do centro onde hai acceso á aula virtual con contidos educativos e acceso a CentrosNet para a xestión do alumnado e consulta individual das notas. Pero é necesario que se unifiquen os tipos de procesadores de texto dos ordenadores para favorecer a elaboración das tarefas cotiás dos docentes e evitar problemas de compatibilidade, sobre todo, para elaboración de exames.

4. Avaliación do plan

4.1. Seguemento do plan de acción

Durante o vindeiro curso 2022/2023 faránse tres reunións nas que se valorarán colectivamente tanto o grao de consecución dos obxetivos como os resultados das accións xa tomadas. No caso de ser necesario faranse modificacións sobre as accións propostas.

De cara ó final do curso antes mencionado terá lugar unha reunión na que se valorará o logro dos obxetivos e de ser necesario consideraranse posibles modificacións.

4.2. Propostas de mellora (revisión)

O Plan Dixital será revisado anualmente e incorporado á Programación Xeral Anual e ao Proxecto Educativo de Centro. As propostas de mellora serán recollidas polo Equipo de Dinamización do Plan Dixital e incorporadas aos Plans de Acción.

5. Difusión do plan

Unha vez revisado e aprobado este documento será subido á páxina web do centro para que as estratexias e obxetivos acordados poidan estar á disposición de toda a comunidade educativa.